



Os días 13 e 20 de Maio de 2009 celebráronse na EGAP unhas xornadas sobre a dimensión económico-administrativa da xestión da cooperación internacional, un eido no que participan cada día máis entidades locais e provinciais, consolidándose como un novo ámbito de referencia da xestión pública local.

De resultados do tratado e discutido nesas xornadas, podemos extraer, a modo de guía orientadora, as conclusións aquí recollidas, que pretenden servir de base para homoxeneizar e homologar os modos de actuación, superando a relativa confusión actual.

Secretaría:

Avenida Joselín, 7, P3-4ºB,
36300-Baiona (Pontevedra)

Tel/Fax: 986 357 238
info@igadi.org

Sede:

Rúa Varsovia, 4C, 6ª (Área Central)
15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 555 999
Fax: 981 565 203

www.fondogalego.org



BOAS PRÁCTICAS

NAS RELACIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS ENTRE O FONDO GALEGO E AS ENTIDADES ASOCIADAS



BOAS PRÁCTICAS NAS RELACIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS ENTRE O FONDO GALEGO E AS ENTIDADES ASOCIADAS

- 1.** En relación á cota mínima esixible en función da propia pertenza ao Fondo Galego, aprobada en Asemblea xeral do organismo e de conformidade coas súas previsións estatutarias, cómpre sinalar que a natureza económica dese gasto é de transferencia (capítulo 4), xa que son cotas que se abonan de forma reiterada en cada exercicio orzamentario.
- 2.** En relación ás achegas extraordinarias para o financiamento de proxectos concretos, cabe consideralas transferencias de capital (capítulo 7) xa que o proxecto en si implica a realización de investimentos. Caso de financiar iniciativas de sensibilización, trataríase como un gasto corrente do capítulo 4.
- 3.** No suposto de axudas de emerxencia, a tipificación dependerá da natureza da acción a financiar: obras de reconstrución (capítulo 7), ou subministro de bens e servizos (capítulo 4).
- 4.** As achegas das entidades locais ao Fondo Galego non son transferencias a efectivizar mediante procedementos de concorrncia competitiva, senón que son subvencións de tipo directo (art. 44 da Ley 58-2003 de 17 de novembro, General de Subvenciones).
- 5.** A modalidade para a xestión das achegas contempla dúas vías: resolución ou acordo do órgano competente, e convenio.
- 6.** Para facilitar a xestión neste ámbito é particularmente recomendable introducir mencións explícitas nas Bases de Execución do Orzamento, xa que isto permite simplificar os trámites de forma considerable, bastando verificar a existencia de crédito, documento xustificativo remitido polo Fondo, resolución e pago.

EXEMPLO DE PARÁGRAFO A INCLUIR NAS BASES DE EXECUCIÓN:

“Respecto á xestión dos recursos económicos relacionados coa cooperación internacional ao desenvolvemento, farase tendo en conta o seu carácter de subvención de tipo directo e mediante resolución ou convenio, segundo acorde o órgano competente, primando a rapidez na transferencia e o control previo e posterior mediante a documentación acreditativa posta a disposición polo Fondo Galego”.

- 7.** No caso de que a entidade asociada contemple a posibilidade de aportar unha cantidade superior á cota mínima aprobada polo Fondo, é aconsellable asentar unha partida específica no capítulo 4 que podemos denominar “Fondos para a cooperación internacional”, sempre observando o establecido na Orde de 20 de setembro de 1989, que establece a estrutura orzamentaria das entidades locais.
- 8.** No caso de financiamento de proxectos, o Fondo aportará unha Memoria explicativa do proxecto en si con información de relevancia sobre a iniciativa a financiar.
- 9.** No caso de financiamento de axudas de emerxencia, se non é con cargo a unha partida xa establecida, deberase acordar previamente dotar unha partida específica.
- 10.** En canto ao libramento do pago, no caso da cota é íntegra. Nos demais casos, na resolución ou convenio poden contemplarse pagos anticipados parciais ou totais.
- 11.** A rendición de contas por parte do Fondo Galego debe incluír unha Memoria de actuación e unha Memoria económica.
- 12.** Recoméndase moi especialmente o abono das cotas mínimas ordinarias no primeiro semestre de cada exercicio, a fin de non entorpecer o proceso de financiamento e xestión de proxectos por parte do Fondo, xa sexa no réxime de cooperación directa ou a través de ONGDs.